

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 17 DE DECEMBRO DE 2015,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

ACORDOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a concesión de anticipos de ata o 80% derivados da Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria no ano 2016.
- Acordo polo que se autoriza a concesión de anticipos do 60%, nas subvencións derivadas da Resolución pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de proxectos de atención integral dirixidos a persoas en situación de explotación sexual, preferentemente inmigrantes, e/ou vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual e/ou laboral, na Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciada polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Consorcio de Augas de Valdeorras para a xestión do servizo intermunicipal delegado de depuración de augas residuais na comarca de Valdeorras, por importe de douscentos mil euros (200.000,00€), e a modificación das porcentaxes previstas no artigo 6 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polas que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas e, no artigo 63 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Vilasantar para a execución das actuacións na travesía urbana da AC-194 no núcleo de Vilasantar – As Raposeiras por importe de douscentos noventa e cinco mil cento setenta e oito euros e noventa e catro céntimos (294.753,76 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Ourense para a reparación da Ponte do Milenio e a formalización da súa entrega ao concello por importe de cincocentos corenta e oito mil seiscientos vinte e oito euros e doce céntimos (548.628,12 €). Tramitación anticipada de gasto.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza á contratación da subministración sucesiva de stents coronarios con destino a centros asistenciais do Servizo Galego de Saúde, por un importe de oito millóns douscentos sesenta e tres mil setecentos cincuenta euros (8.263.750,00€).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social para adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual de conformidade co previsto no artigo 58.1.b) do Texto Refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, no proxecto de Orde pola que se rexerá a concesión de axuda económica, a través da tarxeta benvinda para as familias con fillas e fillos nados no ano 2016 e se procede á súa convocatoria. Importe: dezaoto millóns de euros (18.000.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Fundación Meniños para a execución do programa de integración familiar. Importe: catrocentos dezaoto mil euros (418.000,00€).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as deputacións provinciais, en materia de emerxencia e prevención e defensa contra incendios forestais, para o apoio ao funcionamento dos grupos

de emerxencia supramunicipais, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013.

- Convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Centro Galego de Control Leiteiro (CEGACOL) para a realización de probas para determinar o rendemento leiteiro do gando vacún dentro do Programa galego de selección e mellora da raza frisoa, para o período 2016-2019.

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e o Colexio Oficial de Enxeñeiros Navais e Oceánicos (COIN), para a realización polos facultativos do colexio de traballos de valoración, seguimento e control de proxectos de investimento subvencionables a través do programa operativo FEMP 2014-2020, por un importe total dun millón trescentos noventa e tres mil douscentos noventa e oito euros con trinta e sete céntimos (1.393.298,37€).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre o proxecto de paisaxe no Monte do Gozo.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre a convocatoria anticipada de subvencións para auditorías enerxéticas, implantación de sistemas de xestión, mobilidade con combustibles alternativos e proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas empresas dos sectores industria e servizos, cofinanciadas con fondos Feder-Galicia 2014-2020, para o ano 2015.
- Informe sobre a creación de seis novas aceleradoras de emprendemento en Galicia.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Informe sobre o Programa de rehabilitación de vivendas dos camiños de Santiago.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA AS AXUDAS PARA ENTIDADES SOCIAIS QUE APOIAN MULLERES EN SITUACIÓN DE ESPECIAL VULNERABILIDADE E PERSOAS EN SITUACIÓN DE EXPLOTACIÓN SEXUAL E TRATA

- *No programa de loita contra a explotación sexual e a trata de seres humanos prodúcese un incremento do orzamento en máis do 32 por cento, con máis de 480.000 euros*
- *Para o desenvolvemento de programas de recursos integrais para mulleres que se atopan en situación de especial vulnerabilidade, o orzamento para o 2016 ascende a 1.777.500 euros*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao proxecto de acordo que establece as bases reguladoras que rexerán as subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade, así como para o desenvolvemento de proxectos de atención integral dirixidos a persoas en situación de explotación sexual e trata, ambas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, para o ano 2016.

As subvencións para proxectos de atención integral dirixidos a persoas en situación de explotación sexual, preferentemente inmigrantes e/ou vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual e/ou laboral, están dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que estean inscritas na área de igualdade do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, que carezan de ánimo de lucro, que teñan o seu domicilio social ou delegación en Galicia, e que cumpran os requisitos e as condicións establecidos na resolución

Trátase de proxectos de atención integral dirixidos a persoas en situación de explotación sexual ou vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual na nosa Comunidade, coa finalidade de apoiar a súa recuperación e integración social e laboral a través de accións como a atención inicial nos chamamentos realizados polas autoridades xudiciais, fiscais e policiais, para a atención inmediata ás vítimas de trata de seres humanos, asesoramento social e actuacións de apoio directo, atención psicolóxica, asesoramento xurídico, orientación e asesoramento laboral e atención e asesoramento en traballo de rúa a vítimas de trata de seres humanos.

Para a convocatoria do 2016, o orzamento é de 480.909 euros, cofinanciada polo Fondo Social Europeo, e o importe máximo de cada axuda será de 70.000 euros. Este ano increméntanse nun 31,8 por cento as axudas referentes ao programa de loita contra a explotación sexual e a trata de seres humanos, respecto do orzamento do ano 2015.

Programa de recursos integrais para mulleres en situación de especial vulnerabilidade

Na liña da convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para o desenvolvemento de programas de recursos integrais de atención especializada dirixidos específica e exclusivamente a colectivos de mulleres que se atopan en situación de especial vulnerabilidade, como son vítimas de violencia de xénero ou de violencia doméstica, de explotación sexual-laboral en redes de prostitución ou de trata de persoas, inmigrantes, emigrantes retornadas ou refuxiadas, pertencentes a unha minoría étnica ou reclusas.

Nesta liña, subvenciónanse os programas de recursos integrais específicos para mulleres xestantes ou lactantes en situación de especial vulnerabilidade, con fillas ou fillos menores de tres anos, e o programa para que poida ser obxecto de subvención debe recoller unha atención integral e especializada a mulleres xestantes e lactantes en situación de especial vulnerabilidade a través de accións dirixidas a promover o seu desenvolvemento persoal, familiar e laboral e a súa autonomía económica e afectiva, co fin de evitar que unha situación desexable se poida converter nun factor de exclusión.

O programa de recursos integrais de atención personalizada e especializada a mulleres en situación de especial vulnerabilidade, pertencentes a un ou varios colectivos nos que concorra dita situación, debe prever unha atención personalizada recollida en proxectos de integración individuais nas cales se plasmen intervencións específicas a través dalgunha das actuacións obxecto de subvención (atención psicolóxica, asesoramento xurídico, mediación, adquisición de habilidades persoais e sociais e apoio e orientación laboral). A actuación debe ter en conta o diferencial feminino e o fomento da igualdade de oportunidades como elemento básico da atención especializada que deben recibir as mulleres en situación de vulnerabilidade pertencentes ao colectivo ou colectivos aos cales se dirixe, co obxecto de mellorar as súas expectativas persoais, sociais e laborais de cara á súa integración en termos de igualdade.

O orzamento para esta liña de axudas ascende a 1.777.500 euros e poden resultar beneficiadas as entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que estean inscritas na área de igualdade do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, que teñan domicilio social ou delegación en Galicia e que non se atopen en ningunha das circunstancias e prohibicións establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As actuacións desenvolvidas no correspondente programa deberán englobar servizos de orientación e información sobre recursos singularizados, de atención, orientación e asesoramento persoal e social, así como de apoio directo nas relacións con outras entidades, organismos e servizos que lles faciliten ás persoas usuarias o seu proceso de integración social; servizo de atención psicolóxica; servizo de asesoramento

xurídico; servizo de mediación intercultural e/ou familiar; actividades para a adquisición de habilidades persoais e sociais básicas ou de competencias para a mellora da empregabilidade; servizos ou medidas de apoio e orientación laboral para a mellora da empregabilidade e de acompañamento na busca de emprego, incluído o emprego por conta propia e o emprendemento, así como a prospección do mercado de traballo, a intermediación e a titorización laboral e profesional.

A contía máxima da axuda que se pode conceder a cada entidade ao abeiro desta convocatoria é de 70.000 euros, o que supón un incremento dun 83,5 por cento con respecto ano ano 2014.

A XUNTA DESTINA 200.000 EUROS PARA GARANTIR O SERVIZO DE DEPURACIÓN DE AUGAS DA COMARCA DE VALDEORRAS

- *O Consello da Xunta aproba a sinatura do convenio que asegura o funcionamento do sistema de depuración que dá servizo a unha poboación de 28.000 habitantes de nove concellos*
- *Esta achega económica permitirá sufragar o mantemento preventivo e correctivo das depuradoras da Rúa e do Barco, outras nove depuradoras que dan servizo a núcleos de poboación de menor entidade*
- *Esta actuación tamén representa unha garantía ambiental para os ríos da comarca, o que beneficia os ecosistemas e todos os usos da auga*

A Xunta de Galicia destinará un importe de 200.000 euros para garantir o correcto funcionamento do servizo de depuración de augas dos concellos que forman parte do Consorcio de Valdeorras. O Consello da Xunta na súa reunión de hoxe aprobou o acordo de colaboración entre Augas de Galicia e o Consorcio de Augas de Valdeorras para a xestión do servizo intermunicipal delegado de depuración de augas residuais na comarca de Valdeorras.

Trátase dun convenio que dotará de maior liquidez o Consorcio de Valdeorras, que está integrado polos concellos da Rúa de Valdeorras, Petín, Larouco, Vilamartín de Valdeorras, O Barco de Valdeorras, Rubiá, Carballeda de Valdeorras, A Veiga e O Bolo, ademais de Augas de Galicia e a Deputación de Ourense.

Deste xeito, o acordo aprobado esta mañá polo Consello da Xunta permitirá que o Consorcio xestione o servizo de depuración de augas residuais de 28.000 habitantes dos 9 concellos. Así mesmo, a prestación deste servizo integral tamén implica unha mellor garantía ambiental para os ríos da comarca, o que beneficia aos ecosistemas e a todos os usos da auga, como o de abastecemento; a asunción da responsabilidade do mantemento das instalacións de depuración, e o seu seguimento ante a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil; e a sustentabilidade económica, financeira e institucional na xestión.

A achega deste convenio garantirá a correcta xestión e explotación das estacións depuradoras de augas residuais da Rúa e do Barco, outras nove pequenas depuradoras que dan servizo a núcleos de poboación de menor entidade e ata 160 fosas sépticas que tamén necesitan dun mantemento para que acaden os rendementos agardados. Ademais, o Consorcio tamén xestiona o abastecemento e saneamento do concello do Barco de Valdeorras, polo que na cabeceira comarcal se encarga da xestión do ciclo integral da auga.

Tamén se sufragarán os custos de mantemento preventivo e correctivo das depuradoras dos núcleos, incluíndo a realización de analíticas, limpeza e baleiramento de fosas mediante camión impulsor-succionador ou outros medios cando non sexa posible por problemas de accesibilidade; e a xestión dos residuos.

Cómpre lembrar que en 2012 a Xunta de Galicia, a Deputación de Ourense e os concellos da comarca de Valdeorras constituíron o Consorcio para a Ordenación e Xestión dun Servizo Intermunicipal de Depuración de Augas Residuais.

Este Consorcio de Augas de Valdeorras foi unha experiencia piloto da Xunta para avaliar as posibilidades de prestación supramunicipal dun servizo de depuración que inclúe a explotación das pequenas depuradoras e fosas sépticas e serve de experiencia de cara á posibilidade de estendelo a outros puntos de Galicia.

A XUNTA EXECUTARÁ BEIRARRÚAS E ZONAS DE APARCADOIRO NA ESTRADA AC-194, AO SEU PASO POLO CONCELLO DE VILASANTAR

- *O Goberno galego financia estas obras mediante a achega dun importe de máis de 295.000 euros*
- *O proxecto contempla actuar entre o cemiterio e a entrada á travesía: executando beirarrúas pola marxe dereita (p.q. 0+130 a 0+520 da AC-194) e construíndo unha banda de aparcadoiro pola esquerda (p.q. 0+130 a 0+420)*
- *O proxecto tamén inclúe a construción de dúas zonas de aparcadoiro no entorno dos puntos quilométricos 0+820 e 0+870 da estrada, no centro da travesía de Vilasantar*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Vilasantar para executar beirarrúas e zonas de aparcadoiro na estrada AC-194.

Coa sinatura do convenio o Goberno galego asume o compromiso de executar e financiar as obras, destinando para iso ata un máximo de 294.753,76 euros.


A AC-194 é unha estrada de titularidade autonómica de 1,25 quilómetros de lonxitude, que atravesa o núcleo de Vilasantar. Tras a execución da AC-840 (Betanzos – Lim. Prov.- Agolada), na que se inicia e finaliza a AC-194, esta vía converteuse nun acceso ao núcleo urbano e rexistra un tráfico eminentemente local.

A estrada conta con beirarrúas na zona sinalizada coma travesía (aproximadamente entre o PK 0+520 e o final do vial), máis non no treito comprendido entre a zona urbana e o novo cemiterio municipal executado recentemente á altura do punto quilométrico 0+130. Ademais precisa da execución de zonas de aparcadoiro que eviten o aparcamento indebido que se vén producindo nas súas marxes, tanto na contorna do cemiterio coma en puntos determinados do núcleo de Vilasantar.

Para atender a estas necesidades, a Axencia Galega de Infraestruturas vén de redactar un proxecto que contempla actuar entre o cemiterio e a entrada á travesía: executando beirarrúas pola marxe dereita (p.q. 0+130 a 0+520 da AC-194) e construíndo unha banda de aparcadoiro pola esquerda (p.q. 0+130 a 0+420).

O proxecto tamén inclúe a construción de dúas zonas de aparcadoiro no entorno dos puntos quilométricos 0+820 e 0+870 da estrada, no centro da travesía de Vilasantar. O deseño destas zonas suman unha lonxitude aproximada de 60 metros.

A actuación complétase coas obras necesarias para garantir a drenaxe axeitada de todos os tramos, executando cunetas ou colocando unha canalización para recollida de pluviais, segundo a necesidade de cada tramo.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O CONVENIO CO CONCELLO DE OURENSE PARA REPARAR A PONTE DO MILENIO E FORMALIZAR A SÚA ENTREGA Á ADMINISTRACIÓN LOCAL

- *O orzamento previsto para a execución destes traballos de mellora ascende a un importe de preto de 550.000 euros*
- *Remátase así coa situación de indefinición sobre a titularidade desta infraestrutura, rematada pola Xunta no ano 2001*
- *No que se refire á estrutura, realizarase a inxección das fendas que teñen unha excesiva abertura e o revestimento dos pilonos cunha pintura acrílica impermeable que impida a penetración de auga*
- *Executarase a impermeabilización da cara superior do taboleiro para eliminar humidades e filtracións ao seu interior, incluso substituíndo a capa de rodadura*
- *En relación ás accións de conservación, retiraranse a carriza e os liques dos paramentos verticais de formigón e canalizarase a auga que se filtra pola xunta cara os sistemas de drenaxe próximos*
- *Repararase o sistema de iluminación arranxando e repoñendo todas aquelas luminarias deficientes e farase unha revisión completa do sistema eléctrico*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Ourense para a reparación da ponte do Milenio e formalización da súa entrega ao municipio. Ademais de asegurar a execución das reformas necesarias por parte da Axencia Galega de Infraestruturas, este convenio permite acabar coa situación de indefinición existente sobre a titularidade da ponte.

A Ponte do Milenio foi executada pola Xunta de Galicia entre os anos 1999 e 2001 e, tras máis de 14 anos en servizo non presenta danos estruturais pero cómpre realizar unha serie de actuacións para contribuír ao seu bo mantemento e a unha mellor conservación. O orzamento previsto para a execución destes traballos de mellora ascende a un importe de preto de 550.000 euros.

A principios de 2015 a Axencia Galega de Infraestruturas contratou unha inspección do estado de conservación da ponte e o informe elaborado recomenda realizar unha serie de actuacións para preservar manter ou recuperar o nivel de servizo dalgunhas das súas partes, de cara a ampliar a vida útil da estrutura. Con obxecto de desenvolver as actuacións, procedeuse a encargar a redacción dun proxecto construtivo.

No que se refire á estrutura, realizarase a inxección das fendas que teñen unha excesiva abertura, limpeza de corrosión e protección anticorrosiva dos elementos de aceiro do viaduto e revestimento dos pilonos cunha pintura acrílica impermeable que impida a penetración de auga. Tamén se executará a impermeabilización completa da

cara superior do taboleiro, para eliminar humidades e filtracións ao seu interior, incluso substituíndo a capa de rodadura.

En relación coas accións de conservación, retiraranse a carriza e os liques dos paramentos verticais de formigón e canalizarase a auga que se filtra pola xunta cara aos sistemas de drenaxe próximos. Tamén se eliminarán a vexetación das xuntas das aletas da ponte e as pintadas, aplicando un verniz nas zonas accesibles. Ademais, repararase o sistema de iluminación arranxando e repoñendo todas aquelas luminarias deficientes e farase unha revisión completa do sistema eléctrico.

Características da ponte

A Ponte do Milenio sobre o río Miño é unha infraestrutura atirantada de 275 metros de lonxitude que se distribúen en catro vaos. Forma parte dunha estrutura viaria que conecta no seu extremo norte coa estrada nacional N-525 e no seu extremo sur coa rúa Pardo de Cela, de titularidade municipal.

A ponte construíuse entre 1999 e 2001 co obxectivo de pechar ao tráfico rodado a ponte romana de Ourense, que soportaba un volume de tráfico que poñía en perigo a súa conservación. A súa función principal é servir de cruzamento do río Miño para comunicar ambas as marxes da cidade de Ourense, e é unha infraestrutura estratéxica para a cidade.

A singularidade da estrutura radica na pasarela peonil de formas curvas que rodea a parte superior dos pilonos e descende sobre o río Miño uns 6 metros por debaixo da rasante. Este é un grande atractivo turístico por ofrecer unha visión panorámica da cidade de Ourense.

O SERGAS REALIZA UNHA NOVA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN SUCESIVA DE STENTS CORONARIOS QUE SUPORÁ UN AFORRO DO 10% RESPECTO DO GASTO ANUAL ACTUAL

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación da subministración sucesiva de *stents* coronarios para os centros sanitarios do Servizo Galego de Saúde. Os *stents* son próteses endovasculares que se implantan por vía percutánea no interior das arterias coronarias coa finalidade de erradicar ou paliar os problemas de isquemia cardíaca derivados da súa obstrución. Son próteses utilizadas en todas as unidades de hemodinámica de Galicia.

O importe anual do contrato será de 8.263.750 euros. Esta contratación centralizada permitirá acadar un aforro dun 10% con respecto ao gasto anual actual.

En Galicia, a compra centralizada para adquirir *stents* realízase desde o ano 2008.

A XUNTA DE GALICIA ESTENDE A TARXETA BENVIDA ÁS FAMILIAS QUE ADOPTEN UN NENO OU NENA NO ANO 2016

- *O Consello da Xunta autoriza a orde que regula a concesión desta axuda directa aos pais e nais con fillos ou fillas nados no ano 2016*
- *A contía da axuda será de 1.200 euros a razón de 100 euros ao mes durante o primeiro ano de vida do fillo ou filla. No caso da adopción o dereito á percepción da axuda producirase desde o mes en que esta se constitúa e ata que o neno ou nena cumpra un ano*
- *A instrumentalización desta axuda realizarase a través dunha tarxeta prepagamento, denominada Tarxeta Benvida, que só poderá ser utilizada en farmacias, parafarmacias, supermercados e tendas de alimentación*
- *O obxectivo desta axuda é contribuír a que as familias poidan atender os maiores gastos que supón o nacemento dun fillo ou filla derivados da adquisición de produtos básicos, como leite, cueiros, produtos de hixiene infantil ou produtos farmacéuticos*
- *O Goberno de Feijóo reserva unha partida plurianual de 18 millóns de euros para atender os beneficiarios desta axuda coa cal se chegará a un mínimo de oito de cada dez familias galegas*
- *A Tarxeta Benvida forma parte dun conxunto de medidas de apoio á familia e á infancia que está a desenvolver a Xunta de Galicia e que se agrupan no Programa de apoio á natalidade (PAN)*

O Consello da Xunta autorizou a orde pola que se establecen as bases que rexerán a concesión dunha axuda económica, a través da Tarxeta Benvida, para as familias con fillas e fillos nados no ano 2016 ou que adopten un neno ou unha nena menores dun ano. Esta axuda forma parte do Programa de apoio á natalidade (PAN) e ten por obxecto contribuír a que os pais e nais poidan atender os maiores gastos que supón o nacemento dun fillo ou dunha filla derivados da adquisición de produtos básicos, entre outros: leite e outros alimentos infantís, cueiros, produtos de hixiene infantil ou produtos farmacéuticos.

A contía total desta axuda será de 1.200 euros a razón de 100 euros mensuais durante o primeiro ano de vida do fillo ou filla. No caso de adopción, o dereito a percepción da axuda producirase desde o mes en que se constitúa a adopción e ata que o neno ou nena cumpra un ano. A Tarxeta Benvida consistirá nunha tarxeta prepagamento que soamente poderá ser utilizada en farmacias, parafarmacias, supermercados e tendas de alimentación. A Xunta de Galicia reserva unha partida plurianual de 18 millóns de euros -9 millóns para o ano 2016 e outros tantos para o ano 2017- coa cal se chegará a un mínimo de oito de cada dez familias.

Así, terán dereito á Tarxeta Benvida aquelas familias que acrediten, a través da súa última declaración do IRPF, que a renda da unidade familiar non supera os 45.000 euros. E nos casos en que si se supera esta cifra, cando a renda per cápita –é dicir, a renda dividida entre o número de membros da familia- non sexa superior aos 13.500 euros. Nos casos en que non se realizase a declaración do IRPF de 2014, terase en conta o certificado de ingresos que recolla a Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT). O prazo de presentación de solicitudes é de dous meses contados desde o día seguinte a aquel en que se produza o nacemento ou se constitúa a adopción. O prazo de resolución da axuda é, como máximo, de tres meses.

Apoio ás familias e á infancia

Esta axuda de apoio directo ás familias forma parte dun paquete de medidas máis amplo que ten por obxecto facer de Galicia un lugar mellor para formar unha familia e, especialmente, para ser neno ou nena. Este conxunto de medidas que impulsa a Xunta de Galicia agrúpase no Programa de apoio á natalidade (PAN), que ten tres eixos fundamentais: axudas, servizos e conciliación.

No primeiro eixe –PAN Axudas- ademais da Tarxeta Benvida, inclúense outras medidas compatibles como a dedución fiscal por nacemento ou o pagamento único por neno ou nena menor de tres anos. Na liña do PAN Concilia inscríbense, por exemplo, o incremento de prazas sustentadas con fondos públicos en escolas infantís a través do Bono Conciliación ou o Bono Coidador; e na do PAN Servizos enmárcanse as máis de 20.500 prazas en escolas infantís públicas ou de iniciativa social, de xeito que Galicia ofrece hoxe cobertura a 1 de cada 3 nenos ou nenas con idades comprendidas entre os 0 e os 3 anos. Isto supón que a nosa Comunidade está a cumprir coa ratio aconsellada pola Unión Europea, tendo en conta, ademais, que as escolas infantís son un pilar básico e fundamental para facer posible a conciliación da vida familiar e laboral.

A XUNTA INCREMENTA Á SÚA ACHEGA Á FUNDACIÓN MENIÑOS NUN 10% PARA ATENDER 350 MENORES E 200 FAMILIAS EN SITUACIÓN DE MALTRATO OU DESPROTECCIÓN

- *O convenio terá un importe total de 618.000 euros dos cales a Xunta achegará 418.000 euros, mentres que a Fundación Meniños achega os restantes 200.000 euros*
- *A iniciativa, que se levará a cabo nas catro provincias galegas, diríxese a menores e familias nas cales se dean situacións de maltrato ou desprotección*
- *O acordo entre Xunta e Fundación Meniños artéllase en torno a unha tripla vertente que abarca a área de reunificación familiar, a área de preservación familiar e a nova área de actuación de funcionalidade familiar*
- *A Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, na súas políticas de atención a menores, prima a reunificación ou preservación familiar sobre a tutela para manter o menor no seu contorno familiar*

O Consello da Xunta autorizou o convenio de colaboración que a Consellería de Política Social asinará coa Fundación Meniños para a execución do programa de integración familiar. Neste ano 2016, o convenio terá un importe total de 618.000 euros dos cales a Xunta incrementa a súa achega nun 10% respecto ao ano 2015 ata chegar aos 418.000 euros, mentres que a Fundación Meniños achega os restantes 200.000 euros. A iniciativa, que levarase a cabo nas catro provincias galegas, diríxese a menores e familias nas cales se dean situacións de maltrato ou desprotección.

O acordo entre Xunta e Fundación Meniños artéllase en torno a unha tripla vertente que abarca a área de reunificación familiar, a área de preservación familiar e a nova área de actuación de funcionalidade familiar. Desde a área de reunificación familiar traballarase para mellorar a situación sociofamiliar e persoal dos nenos e adolescentes que tiveron que ser separados das súas familias e están a residir en centros de acollida. A intervención realizarase directamente nos seus núcleos familiares de referencia para favorecer a reunificación familiar. Desde a área de preservación familiar potenciaranse os recursos das familias, promovendo os cambios que eviten a separación do neno do seu contorno familiar. E, por último, desde a nova área de funcionalidade familiar traballarase para que a familia poida romper a dinámica de deterioración profunda, de xeito que adquira unha funcionalidade familiar mínima e necesaria para, por unha banda, pasar posteriormente ás áreas de preservación ou de reunificación e, por outra banda, que a familia adquira a estrutura, funcionalidade e estabilidade suficientes.

Estas grandes áreas de actuación desenvólvense a través de medidas concretas. Deste xeito, destacan a intervención psicosocial, mediante a cal se transmiten estratexias para xerar cambios nas condicións de vida da familia e unha adecuada integración en

redes de apoio social para proporcionar un ambiente afectivo e protector para os nenos; a terapia familiar, orientada a resolver os problemas psicolóxicos, relacionais ou condutuais das persoas implicadas na protección dos nenos, así como a educación familiar, baseada na adquisición, por parte das familias, de habilidades e hábitos adecuados para atender as necesidades físicas, afectivas, de organización familiar e de adecuada resposta ás condutas dos nenos.

Atención aos menores

A Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, na súas políticas de atención a menores, prima a reunificación ou preservación familiar sobre a tutela. O obxectivo principal, sempre que sexa o positivo para os menores, é manter o menor no seu contorno familiar.

De acordo coa filosofía do sistema de protección á infancia, a Comunidade Autónoma de Galicia mantén unha maioría de medidas encadradas no eido familiar, de tal xeito que do total de menores tutelados e en garda da Xunta de Galicia (1.961 nenos e nenas), o 61% se atopan en acollemento familiar. Por maior abastanza, o recurso de acollemento en familia extensa representa o 87% dos acollementos familiares, e como xa se explicou na maioría dos casos é o recurso máis idóneo na medida que mantén aos menores no seu contorno socioeducativo e emocional.

A Consellería desenvolve distintos proxectos relacionados con menores como o acollemento familiar, os centros de menores, o programa de adopcións, as accións de inserción sociolaboral ou o programa de mediación familiar.

OS 24 GRUPOS DE EMERXENCIA SUPRAMUNICIPAIS (GES) CONTINUARÁN OPERATIVOS ATA 2018

- ***Grazas a un convenio de colaboración, cuxa ampliación foi autorizada hoxe polo Goberno galego, e que suporá un investimento total de 22,3 millóns de euros, achegados pola propia Xunta, as deputacións provinciais e os concellos***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a addenda ao convenio de colaboración suscrito entre o Goberno galego, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as deputacións provinciais en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para a creación e implantación dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais (GES).

Este acordo suporá unha achega total de 22,3 millóns de euros ata o 2018 para financiar o funcionamento dos GES, ampliando así o convenio suscrito en maio de 2013 para esta finalidade. Estes fondos serán achegados pola Xunta, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Consellería do Medio Rural, xunto coas deputacións provinciais e as entidades locais.

O convenio asinado en 2013, que tiña vixencia ata o ano 2015, estipulaba que estes grupos traballarían en labores de extinción e silvicultura preventiva, ademais de desempeñar traballos relacionados coas emerxencias e coa protección civil. Agora, con esta addenda, amplíase o número de actuacións para realizar polos GES en materia de prevención contra incendios forestais, incluíndo a posibilidade de estudar as redes secundarias de faixas de biomasa, investigar a súa propiedade e valorar o estado da biomasa forestal, así como a eliminación e retirada de niños de *vespa velutina*.

Deste xeito, as funcións dos GES quedan establecidas como segue. En primeiro lugar, dedicaranse a intervir en incendios forestais e urbanos no ámbito territorial da súa demarcación. En segundo termo, desenvolverán prácticas preventivas, de carácter local e a pequena escala, para crear discontinuidades verticais e horizontais da cuberta vexetal, mediante rozas en terreos forestais ou de influencia forestal da titularidade dos concellos ou de propietario descoñecido e perímetros e parcelas declaradas como abandonadas.

Os GES tamén intervirán en situación de risco e de emerxencia para manter a rede de estradas, e sen ser responsables do seu mantemento, mediante a súa limpeza e retirada de obxectos, especialmente no caso de accidente, así como en situacións derivadas de riscos naturais, nevaradas, inundacións, temporais, xeadas ou choivas intensas. Tamén colaborarán coas autoridades competentes en materia de protección civil en casos de aglomeracións de persoas en lugares e momentos determinados. Hoxe en día son 24 os grupos operativos en Galicia, cun total de 288 integrantes.

A XUNTA COLABORA CO CENTRO GALEGO DE CONTROL LEITEIRO NA MELLORA XENÉTICA DAS RAZAS E NO AUMENTO DA RENDIBILIDADE ECONÓMICA DAS EXPLOTACIÓNS

- ***Con este acordo concrétese e cuantifícase o apoio do Goberno Galego ao programa de mellora xenética do gando produtor de leite, entendendo o lácteo como sector estratéxico***
- ***A dotación orzamentaria ascende ata un máximo de 2,6 millóns de euros para o período 2016-2019***

O Consello da Xunta autorizou hoxe á Consellería do Medio Rural a sinatura dun convenio de colaboración co Centro Galego de Control Leiteiro (CEGACOL) para a realización de probas para determinar o rendemento leiteiro do gando vacún dentro do Programa Galego de selección e mellora da raza frisoa, para o período 2016-2019. O orzamento máximo é de 2,6 millóns de euros.

O obxecto deste convenio é regular as condicións de cooperación entre ambos os departamentos, para levar a cabo un correcto desenvolvemento das probas que determinen o rendemento do gando leiteiro daquelas explotacións que participen no control leiteiro oficial e mellorar así a calidade xenética do gando vacún frisón de Galicia. Así, o Cegacol comprométese a realizar a toma de mostras e recollida de datos para o control de rendementos.

Dado que a finalidade do control leiteiro oficial é a valoración xenética dos reprodutores de cara a determinar cales son mellorantes, a recompilación dos datos recollidos e a súa correcta asignación aos animais inscritos no Libro Xenealóxico da Raza requiren unha alta eficiencia nos rexistros para garantir a fiabilidade da información. Un control leiteiro eficiente é unha premisa básica para acadar un programa de mellora propio que implica que os produtores non dependan do material xenético importado.

Ademais, mediante a subscripción deste convenio, facilítaselle tamén ás explotacións unha ferramenta fundamental na súa xestión, posto que lle permite ao gandeiro tomar decisións técnicas de grande importancia como son a optimización da alimentación dos animais de acordo coa súa produción ou a eliminación de femias pouco eficientes, obtendo así un maior grao de produtividade. Isto permitiralle obter unha mellor calidade do leite e, por conseguinte, unha maior solvencia económica e rendibilidade para a explotación.

A XUNTA DESTINA MÁIS DE 1,3 MILLÓNS DE EUROS PARA COLABORAR CO COLEXIO DE ENXEÑEIROS NAVAIS NO CONTROL DAS AXUDAS COMUNITARIAS DIRIXIDAS AO SECTOR PESQUEIRO

- *A Consellería do Mar e o Colexio de Enxeñeiros Navais e Oceanográficos asinarán un convenio co obxecto de realizar accións de valoración, seguimento e control de proxectos de investimentos subvencionables a través do programa operativo do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca 2014-2020 (FEMP)*

O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e o Colexio Oficial de Enxeñeiros Navais e Oceánicos para realizar accións de valoración, seguimento e control de proxectos de investimentos subvencionables a través do programa operativo do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca 2014-2020 (FEMP), por un importe de 1,3 millóns de euros para as anualidades de 2016, 2017 e 2018.

Este convenio ten por obxecto acadar o óptimo grao de adecuación dos fondos europeos que a Unión Europea destina ao sector pesqueiro ás finalidades que perseguen estas achegas. Polo tanto, a colaboración entre a Xunta e os enxeñeiros navais e oceánicos facilitará unha maior exactitude na valoración e no seguimento dos proxectos e garantirá un maior grao de correspondencia entre as necesidades reais de investimento e a contía das axudas outorgadas.

A vixencia deste convenio estenderase desde o día 1 de xaneiro de 2016 ata o 31 de decembro de 2018. Poderá ser prorrogada por mutuo acordo entre as partes, sempre e cando a duración total das prórrogas non supere a vixencia inicial do convenio.

Co obxectivo de asegurar o debido cumprimento do acordo, crearase unha comisión de seguimento composta polo director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica e polo decano presidente do Colexio Oficial de Enxeñeiros Navais e Oceanográficos. Esta comisión será o mecanismo de actuación conxunta para garantir a efectividade do convenio e resolver as dúbidas que se poidan presentar na súa aplicación.

Colexio Oficial de Enxeñeiros Navais e Oceánicos

Entre as funcións desta entidade están a colaboración e o apoio das administracións públicas para conseguir que os distintos sectores produtivos, entre eles o sector primario, teñan cada vez unha posición máis competitiva mediante a aplicación da técnica e das tecnoloxías máis idóneas.

Este colexio profesional está capacitado para poñer á disposición da Consellería do Medio Rural e do Mar enxeñeiros superiores de alta cualificación para colaborar nos programas resultantes da política pesqueira da consellería.

O PLAN DE ACTUACIÓN DO MONTE DO GOZO CONVERTERÁ O MAIOR PARQUE DE SANTIAGO NUNHA REFERENCIA NACIONAL E XACOBEA

- *Trátase dun proxecto de recuperación integral que adaptará esta pedra angular do Camiño de Santiago ás necesidades actuais*
- *A intervención centrarase na relación do Monte do Gozo co Camiño de Santiago co obxectivo de recuperar a súa condición orixinal liberándoo dos elementos que actualmente impiden a súa lectura e comprensión*
- *O obxectivo é dotar de nova vida este amplo parque revitalizando o seu papel referencial no mundo xacobeo e converténdoo nun espazo ao servizo dos cidadáns de Santiago de Compostela e de Galicia*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Plan de actuación do Monte do Gozo, un proxecto de recuperación integral que remodelará o parque de maior dimensión de Santiago adaptándoo ás necesidades actuais e converténdoo nunha referencia nacional e xacobeá.

O Monte do Gozo constitúe unha testemuña clave da xénese do asentamento de Compostela e unha pedra angular para o Camiño de Santiago. A orixe da cidade enmárcase no triángulo formado polos cumios dos montes que a flanquean: polo oeste o Monte Pedroso, polo sur o alto do Milladoiro e Santa Mariña e polo nordeste o Monte do Gozo. A relación deste monte coa orixe de Santiago e a visión e relación co Pico Sacro tamén é algo que forma parte das lendas da orixe de Compostela.

Na actualidade, a vexetación forestal de proximidade e as plantacións de eucaliptos de San Lázaro provocan que o significado do Monte do Gozo para o Camiño perda a súa carga simbólica, xa que non se pode apreciar desde el a Catedral de Santiago. Así mesmo, o parque encóntrase nunha situación delicada.

Con todo, o Monte do Gozo constitúe un lugar de oportunidade, un ámbito de máis de 50 ha con grandes equipamentos que necesitan unha reformulación para adaptalos ás necesidades actuais. O parque atesoura arquitecturas que resistiron dignamente o paso do tempo pero que necesitan a súa posta en valor e revitalización, así como espazos que agora están pechados e que necesitan que tanto a cidadanía como os peregrinos os descubran.

A intervención, que supón un investimento de máis de 1.207.000 euros, centrarase na relación do Monte do Gozo co Camiño de Santiago co obxectivo de recuperar a súa condición orixinal liberándoo dos elementos que actualmente impiden a súa lectura e comprensión.

O proxecto incide na rexeneración do lugar emblemático no contorno da Capela de San Marcos, recuperando desde o cumio do Monte, revitalizada cunha elevación que lembrará aos milladoiros dos peregrinos, a visión das torres da Catedral de Santiago.

Así mesmo, o Plan inclúe a definición de zonas de encontro e refresco destinadas tanto para o lecer dos peregrinos como dos demais usuarios do parque. Deste xeito, a través da instalación de pequenos muros de pedra, zonas de descanso, merendeiros, tanques de auga, xunto con arbores froiteiras e outras especies, este ámbito converterase nun lugar acolledor para peregrinos e visitantes.

O obxectivo é que a área de chegada fronte á Capela de San Marcos se transforme nun lugar de estancia e referencia que invite a explorar o novo parque.

O proxecto converterá, ademais, a zona onde actualmente se encontra a emblemática escultura de Acuña (na zona leste) nun parque de estilo inglés, creando unha diversidade tipolóxica e paisaxística que enriquecerá este excepcional parque. Está prevista tamén a recuperación do auditorio como espazo aberto aos visitantes.

Por outra parte, o plan incidirá na recuperación do itinerario do Camiño de Santiago no perímetro oeste do Complexo do Monte do Gozo, adecuando o seu firme e mellorando de xeito substancial o actual trazado da Ruta Xacobeana neste lugar emblemático de entrada á cidade meta da peregrinación.

Así mesmo, o proxecto habilitará unha área de relax con piscinas na zona da lagoa, inmediata ao auditorio, que tamén poderá dar servizo á zona de aloxamento.

Ao tempo que se traballa nestas actuacións, está prevista a concesión da zona de aloxamento, cunha redución do número de prazas e a posta en valor do parque central que contará con cafetaría e restauración para peregrinos e visitantes. Un ámbito que está previsto enriquecer co traslado da colección de esculturas ao aire libre do Xacobeo. Tamén se garantirá a continuidade do albergue de peregrinos neste lugar tan intimamente unido ao mundo da peregrinación xacobeana e se habilitarán espazos destinados a colectivos sociais que poderán atopar neste lugar un ámbito de actividade.

O Plan recolle, ademais, a mellora dos accesos a estas zonas de acollida aos peregrinos e a propia circulación rodada polo contorno do Monte do Gozo para asegurar unha mobilidade de persoas e vehículos adecuado ás características deste contorno.

Con todo, o obxectivo destas actuacións, que estarán executadas no verán do próximo ano 2016, é dotar de nova vida este amplo espazo de parque periurbano de Santiago

de Compostela, revitalizando o seu papel referencial no mundo xacobeo pero tamén converténdoo nun espazo ao servizo dos cidadáns de Santiago de Compostela e de Galicia.

A XUNTA MULTIPLICA POR SEIS O ORZAMENTO PARA IMPULSAR ACTUACIÓNS DE EFICIENCIA ENERXÉTICA E MELLORA COMPETITIVA CARA Á INDUSTRIA 4.0

- *Economía, Emprego e Industria destina 9,5 millóns a un programa que permitirá desenvolver arredor de 300 proxectos, xerando investimentos por máis de 32 millóns na industria galega*
- *As iniciativas aspiran a acadar un aforro económico de 10 millóns por exercicio e xerar máis de 430 postos de traballo, ao tempo que evitan a emisión á atmosfera de 19.000 toneladas de CO₂ ao ano*
- *Os apoios, que poden chegar ata os 200.000 euros, alcanzan o 30% do investimento que se van realizar, incrementándose nun 10% no caso das pemes*
- *Impulsaranse auditorías enerxéticas e actuacións no eido da mobilidade, ademais de promoverse accións relacionadas coa iluminación, a climatización ou os procesos produtivos das industrias cara á fábrica intelixente*
- *Trátase da cuarta convocatoria dunha orde que permitiu ata o de agora impulsar 303 proxectos que están a mobilizar máis de 18 millóns na mellora da eficiencia enerxética do tecido empresarial galego*

A Xunta de Galicia ten no aforro e na eficiencia un dos piares fundamentais da súa política enerxética, atendendo á influencia desta área na mellora da competitividade do tecido empresarial galego. Por este motivo, e dentro da Axenda da Competitividade Galicia – Industria 4.0, a Consellería de Economía, Emprego e Industria multiplica por seis o orzamento da liña destinada a promover este tipo de actuacións na industria e no sector servizos.

A nova convocatoria do programa do Inega alcanza así os 9,5 millóns co obxectivo de impulsar arredor de 300 proxectos nas empresas galegas. Estas iniciativas xerarán un investimento conxunto de máis de 32 millóns no tecido produtivo, contribuíndo á adopción de medidas que permitirán acadar un aforro enerxético de case 11.000 toneladas equivalentes de petróleo ao ano e un aforro económico de 10 millóns por exercicio. Así mesmo, xerarán arredor de 430 empregos, o 60% deles directos, evitando a emisión á atmosfera de case 19.000 toneladas de CO₂ ao ano.

As axudas das cales hoxe se informou no Consello da Xunta poden chegar ata os 200.000 euros por proxecto. Ademais, no caso das pequenas e medianas empresas, a porcentaxe de axuda increméntase un 10%, o que supón o 40% do total.

Entre as actuacións que se van desenvolver, figura un ano máis a implantación de sistemas de procesamento avanzado de datos e intelixencia artificial aplicados á optimización do consumo enerxético, no camiño cara á fábrica intelixente. O obxectivo é dotar as industrias beneficiadas de programas capaces de reaxustar, de xeito

sistemático, algúns dos seus parámetros en función das experiencias pasadas co obxecto de optimizar o consumo.

Ademais, apoiaranse os proxectos centrados na mellora dos equipamentos consumidores de enerxía do proceso produtivo industrial; a implantación de luminarias máis eficientes; a renovación dos equipamentos de produción de calor ou frío; a instalación de sistemas de aproveitamento de enerxías renovables ou a implantación de sistemas de xestión enerxética certificados conforme a norma ISO 50.001.

Así mesmo, entre as novidades deste ano apoiarase a realización de auditorías enerxéticas que analicen de forma integral o proceso produtivo da empresa e, no eido da mobilidade, a substitución de vehículos por outros máis eficientes que empreguen combustibles alternativos.

Todas estas actuacións buscan contribuír á redución dos consumos nos sectores industrial e de servizos, que en Galicia representan o 45% e o 9% do consumo de enerxía final, respectivamente. Segundo diversos estudos sectoriais e auditorías realizadas polo Instituto Enerxético de Galicia (Inega), a porcentaxe de aforro de enerxía nestes sectores coa posta en marcha de medidas de aforro e eficiencia ascende ata o 15% para o sector industrial e pode chegar ao 30% no sector servizos.

Desta forma, o Goberno galego da continuidade a un programa que, nos seus tres primeiros anos, permitiu desenvolver 303 proxectos que están a mobilizar máis de 18 millóns no tecido empresarial da Comunidade, contribuíndo a súa mellora competitiva.

A XUNTA REFORZA A SÚA APOSTA POLO EMPRENDEMENTO CON SEIS NOVAS ACELERADORAS EN GALICIA QUE IMPULSARÁN MÁIS DE 500 PROXECTOS

- *Economía, Emprego e Industria e a Fundación EOI destinan 4,8 millóns á activación de centros de emprendemento innovador en Ferrol, Cabana de Bergantiños, Monforte de Lemos, Mondoñedo, Celanova e Xinzo de Limia promovendo o reequilibrio territorial*
- *O programa completa un mapa de 10 aceleradoras na Comunidade xunto a Agrobiotech, en Lugo e Ourense, e Vía Galicia, a través de Vía Vigo e Vía Lugo*
- *Estas actuacións enmárcanse na aposta do Goberno galego polo emprendemento, con 40 millóns orzados no 2016*

A Xunta de Galicia ten no emprendemento un dos piares básicos de actuación para consolidar a recuperación económica e xerar emprego. Neste contexto, o Consello da Xunta coñeceu hoxe que a Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Fundación EOI impulsará seis novas aceleradoras de emprendemento innovador que beneficiarán máis de medio milleiro de iniciativas empresariais.

A actuación suma un orzamento conxunto de 4,8 millóns de euros en dous anos, habilitándose as novas sedes nos concellos de Ferrol, Cabana de Bergantiños, Monforte de Lemos, Mondoñedo, Celanova e Xinzo de Limia promovendo o reequilibrio territorial da nosa comunidade nas zonas máis necesitadas de dinamismo empresarial.

Desenvolveranse catro *coworkings* en cada un destes espazos de cinco meses de duración, e poderán participar en cada un ata 22 proxectos co obxectivo de impulsar novas iniciativas empresariais e incrementar as posibilidades de éxito dos negocios. Para isto, os beneficiarios, que poden chegar a 1.500 emprendedores, disporán dunha ducia de talleres de formación centrados no emprendemento e na xestión empresarial, ademais de contar cun proceso de titorización individual levado a cabo por persoas con experiencia emprendedora.

Así mesmo, ao longo de cada edición do *coworking* desenvolveranse diferentes eventos que favorecen o coñecemento das distintas iniciativas e o traballo en equipo entre os diferentes axentes do ecosistema emprendedor. Ademais, celebrarase un Demoday nas semanas finais no cal se presentarán os proxectos e o alcance destes mesmos tras o proceso realizado.

Deste xeito, as novas aceleradoras aspiran a contribuír á creación e consolidación de empresas co fin de permitirlles afrontar os retos que formula o mercado e favorecer o seu desenvolvemento, impulsando o seu crecemento como fonte de xeración de riqueza e emprego.

A Xunta de Galicia completa así un amplo mapa de aceleradoras que comprende, xunto con estas seis sedes, os proxectos de Agrobiotech –localizadas no Parque Tecnolóxico de Ourense e no CETAL de Lugo- e de Vía Galicia – en colaboración con Zona Franca de Vigo e con localizacións no porto do Molle de Nigrán e na Confederación de Empresarios de Lugo-. Neste sentido, as principais iniciativas participantes nas novas aceleradoras poderán continuar os seus proxectos de negocio nestas sedes.

Deste xeito, o Goberno galego reforza a súa aposta polo emprendemento, que nos últimos anos se ten materializado na supresión das licenzas municipais de obra e actividade para a apertura dun novo negocio ou na creación das entidades de certificación de conformidade municipal (ECCOM), que facilitan as tramitacións que se levarán a cabo ante a Administración; na Unidade Galicia Emprende, encamiñada a facilitar a avaliación dos plans de negocio e a resolución dos trámites para a creación de empresas; ou na posta en marcha da Rede galega de viveiros e a de *business angels*. Un compromiso que en 2016 se reflicte nos 40 millóns orzados para seguir impulsando iniciativas neste eido.

A XUNTA DESTINARÁ O VINDEIRO ANO 3,2 MILLÓNS DE EUROS Á REHABILITACIÓN DE VIVENDAS NOS SETE CAMIÑOS DE SANTIAGO

- *O Goberno galego publicará este mes a orde reguladora das axudas do programa 'Vivendas do Camiño', que estará en vigor, polo menos, ata 2020*
- *Con esta medida preténdese contribuír á recuperación do patrimonio construído en Galicia, poñendo en valor as rutas xacobeas e dinamizando xeográfica e economicamente os lugares polos cales pasa, maioritariamente rurais*
- *Os solicitantes poderán financiar con cargo a estas axudas ata o 35 por cento do orzamento das obras de rehabilitación, cun límite máximo de 11.000 euros por vivenda*
- *O programa inclúe unha partida de 500.000 euros para a adecuación de infravivendas situadas no rural*
- *Realizarase unha campaña informativa e divulgativa que percorrerá os 107 concellos integrados na Área de Rehabilitación Integral dos Camiños de Santiago*
- *Estas subvencións permitirán restaurar vivendas situadas nun total de 498 parroquias galegas*

A Xunta de Galicia destinará o vindeiro ano 3,2 millóns de euros á rehabilitación de vivendas nos sete Camiños de Santiago, a través dunha orde que se publicará neste mesmo mes de decembro. Así o acordou hoxe o Consello da Xunta, que avaliou un informe sobre a posta en marcha do programa 'Vivendas do Camiño', unha medida recollida no Plan autonómico de vivenda 2015-2020, o Plan rehaVita.

Con este programa, o Goberno galego quere contribuír á posta en valor da paisaxe dos Camiños de Santiago como activo singular da Comunidade Autónoma, a través da recuperación do patrimonio construído na ruta, configurado ao longo dos séculos como un sinal de identidade do país.

Así mesmo, o Goberno galego entende que esta iniciativa contribuirá a dinamizar desde o punto de vista xeográfico e económico as zonas polas cales pasan os Camiños de Santiago, que transcorren en gran medida por territorio rural.

O programa será xestionado directamente polo Instituto Galego da Vivenda e Solo e das súas axudas pódense beneficiar as vivendas situadas en 498 parroquias dos 107 concellos polos cales transcorren as sete rutas dos Camiños de Santiago en Galicia.

Os solicitantes destas axudas poderán financiar con cargo a estas subvencións ata o 35 por cento do orzamento das obras de rehabilitación, cun límite máximo de 11.000 euros por vivenda.

Nas zonas urbanas as axudas irán destinadas unicamente ás vivendas situadas no trazado do Camiño, e nas zonas rurais poderán acollerse ás axudas todas as vivendas incluídas na parroquia pola que pasa un dos Camiños de Santiago, e non só aqueles inmobles situados estritamente na ruta.

As axudas poderán concederse ás persoas propietarias únicas de edificios ou vivendas, comunidades de propietarios e agrupacións de comunidades de propietarios, e as actuacións subvencionables deberán adaptarse ás normativas vixentes en materia de edificación, accesibilidade, patrimonio cultural e urbanismo.

Este mesmo mes de decembro publicarase a orde coas bases reguladoras para acollerse ao financiamento do programa 'Vivendas do Camiño' e a comezos de 2016 publicarase a convocatoria das axudas.

A Orde pola que se rexerán as axudas de infravivenda rural, por importe de 500.000 euros, publicarase tamén en de 2016.


Campaña de difusión

Co obxectivo de estender a cultura da rehabilitación e levar a información das axudas a todos os potenciais beneficiarios delas, o Instituto Galego da Vivenda e Solo realizará unha ampla campaña de difusión delas nos 107 concellos polos que transcorren os Camiños de Santiago.

Con tal fin están previstas as seguintes actuacións en todos os concellos dos camiños: charlas informativas dirixidas aos potenciais beneficiarios das axudas; xornadas técnicas para o persoal dos concellos beneficiarios e as autoridades locais; exposicións itinerantes divulgativas sobre a Área de Rehabilitación dos Camiños de Santiago e as axudas de rehabilitación; e actuacións de asesoramento técnico e de coordinación das diferentes administracións implicadas.

A Área de Rehabilitación do Camiño de Santiago foi declarada no ano 2010 e comprende o trazado das sete rutas do Camiño en Galicia:

- Francés. Desde Pedrafita do Cebreiro ata Santiago de Compostela
- Da Prata I. Desde A Mezquita ou Verín ata Ourense
- Da Prata II. Desde Ourense ata Santiago de Compostela
- Inglés. Desde Ferrol ou A Coruña, xuntándose en Mesía ata Santiago de Compostela
- Primitivo. Desde A Fonsagrada ata Melide que conecta co Camiño Francés
- Norte. Desde Ribadeo ata Arzúa que conecta co Camiño Francés
- Fisterra-Muxía. Desde Santiago de Compostela ata Fisterra con desvío Muxía
- Portugués. Desde Tui a Santiago de Compostela



- Camiños de Santiago**
- Concellos na ARI dos Camiños de Santiago
 - Francés
 - Do norte
 - Primitivo
 - Ruta da prata
 - Portugués
 - Inglés
 - De Fisterra e Muxía

Desde a declaración da Área de Rehabilitación dos Camiños de Santiago rehabilitáronse nela 130 vivendas, cun investimento público próximo aos 900.000 euros. Estímase



que as axudas que se destinarán o vindeiro ano a este programa permitirán rehabilitar no contorno 300 vivendas.

Desde 1996, ademais da Área de Rehabilitación dos Camiños de Santiago foron declaradas en Galicia outras 66 áreas de rehabilitación en 40 concellos diferentes, de maneira que o total de concellos galegos que dispoñen de áreas de rehabilitación ascende a 128, xa que algúns dos concellos incluídos na área dos Camiños de Santiago tamén teñen Aris propias.

En total, dende o ano da súa creación, rehabilitáronse ao abeiro das ARIS máis de 11.300 vivendas, cuxos propietarios recibiron axudas da Xunta e do Estado. Os concellos correspondentes tamén realizaron múltiples obras de urbanización e reurbanización no ámbito das ARIS, e recibiron tamén axudas autonómicas e estatais para as ditas obras. A achegas da Xunta e do Estado para a rehabilitación de vivendas e urbanización e reurbanización superan os 85,5 millóns de euros que induciron un investimento de máis de 15 millóns de euros por parte dos concellos e preto de 90 millóns de euros polos propietarios das vivendas, o que supón que o programa de áreas de rehabilitación xa mobilizou, desde a súa creación en 1996, un total de máis de 190 millóns de euros.